

PLAN DE CONSERVACIÓN DO ENIL
“RÍO DOS GAFOS”

RESPONSABLE MUNICIPAL

María Formoso Beloso
Enxeñeira técnica forestal
Concello de Pontevedra

REDACCIÓN

Vítor Xosé Cabaleiro Barroso
Biólogo

ÍNDICE

1. LIMIAR.....	3
2. LÍMITES.....	5
3. VALORES NATURAIS DO ESPAZO E O SEU POSIBLE RISCO.....	6
3.1. Identificación dos valores que hai que protexer.....	6
3.1.1. Flora.....	6
3.1.2. Fauna vertebrada.....	8
3.1.2.1. Mamíferos.....	8
3.1.2.2. Anfibios e Réptiles.....	8
3.1.2.3. Peixes.....	8
3.1.2.4. Aves.....	8
3.1.3. Fauna invertebrada.....	9
3.2. Os posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais.....	9
3.2.1. Usos recreativos excesivos.....	9
3.2.2. Introducción de especies animais e vexetais.....	9
3.2.3. Verteduras e lixos.....	9
3.2.4. Presión urbanística.....	10
4. DIRECTRICES PARA A XESTIÓN DO ESPAZO NATURAL.....	11
4.1. Directrices en relación cos recursos naturais.....	11
4.2. Directrices en relación co uso público.....	12
4.3. Directrices respecto ás infraestruturas, equipamentos e instalacións.....	13
4.4. Directrices para as actividades científicas.....	13
4.5. Directrices para as actividades educativas.....	14
5. APROVEITAMENTO DO SOLO E DOS RECURSOS NATURAIS E USOS TRADICIONAIS.....	16
6. ZONIFICACIÓN.....	17
6.1. Zona de uso especial.....	17
6.2. Zona de uso moderado.....	17
6.3. Zona de protección.....	18
7. NORMATIVA DE USO.....	20
7.1. Protección da fauna e da flora.....	20
7.2. Protección dos recursos hídricos.....	21
7.3. Protección do solo e da paisaxe.....	22
7.4. Uso público, actividades científicas, educativas e outras actividades.....	22
8. LIÑAS PRINCIPAIS DE TRABALLO PARA O MANTEMENTO DO ESPAZO NATURAL.....	24

1. LIMIAR

En data de rexistro de entrada 1 de abril de 2011 a Consellería de Territorio, Infraestruturas e Medio Ambiente recibe por parte do Concello de Pontevedra a solicitude de declaración como Espazo Natural de Interese Local do lugar denominado Río dos Gafos, no termo municipal de Pontevedra. O Concello achegou xunto á súa solicitude unha memoria axustándose ao establecido no artigo 3º.3 do Decreto 124/2005, de 6 de maio, e o acordo do Concello do 21 de abril de 2009 contendo o compromiso formal de poñer en práctica as medidas de conservación e elaborar o Plan de Conservación.

Este espazo foi declarado, de xeito provisional, Espazo Natural de Interese Local Río Gafos pola Orde do 25 de novembro de 2013, publicada no DOG Nº 236 do 11 de decembro de 2013.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza ten por obxecto establecer as normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á axeitada xestión dos espazos naturais da flora e fauna silvestres da comunidade autónoma galega. En funcións dos bens e valores, os espazos naturais protexidos regulados nesta lei clasificaranse en diferentes categorías; unha delas é o Espazo Natural de Interese Local (ENIL).

A regulación dos espazos naturais de interese local recollida na Lei 9/2001, de 21 de agosto, foi desenvolvida polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural. Dito decreto, no seu artigo 6º.1, recolle a necesidade da aprobación de plans de conservación nun prazo non superior aos dous anos dende a declaración provisional do espazo natural como protexido.

O logro dos obxectivos fixados do espazo natural “Río Gafos” debe alcanzarse mediante actuacións definidas tras o correspondentes procesos de planificación. Esta planificación previa concrétase no Plan de Conservación que é o instrumento de xestión dos recursos naturais do ENIL “Río Gafos”.

O Plan de Conservación establecerá o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo. Establécense polo tanto as directrices necesarias en materia de conservación, uso público, investigación, formación, educación, sensibilización social e desenvolvemento sostible.

Os plans de conservación serán vinculantes, tanto para as administracións públicas como para os particulares; prevalecerán sobre a planificación urbanística e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles.

A finalidade deste Plan de Conservación é establecer os obxectivos e os criterios da xestión que se desenvolverá na zona. Entre estas finalidades están as seguintes:

1. Conservar os recursos naturais: auga, flora, fauna, paisaxe
2. Asegurar a conservación das especies animais e vexetais silvestres que forman parte dos procesos naturais do espazo natural. Daráselles prioridade ás especies de interese para a conservación, ás especies endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, así como as especies de fauna migratoria.
3. Desenvolver as liñas básicas para definir o sistema de uso público e ordenación das visitas de maneira compatible coa conservación do Espazo Natural de Interese Local.
4. Promover a educación, a divulgación e o coñecemento dos valores naturais e ecolóxicos e do seu significado para potenciar unha maior sensibilidade pública.
5. Incrementar o coñecemento e concienciar a toda a sociedade sobre os valores e funcións das zonas húmidas.

As determinacións do presente Plan de Conservación entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e continuarán en vigor ata que non se revise o Plan polo cambio significativo e suficiente das circunstancias ou criterios que determinaron a súa aprobación. En calquera caso, a falta de modificacións excepcionais, deberá revisarse pasados cinco anos.

2. LÍMITES

O Río Gafos é un río que discorre polos termos municipais de Vilaboa (onde nace) e Pontevedra (onde desemboca). Toda a superficie do ENIL “Río Gafos” está dentro do termo municipal de Pontevedra e ocupa aproximadamente 47 hectáreas, dende o comezo da senda fluvial na rúa Otero Pedraio, dentro do casco urbano de Pontevedra ata o límite co concello de Vilaboa atravesando a parroquia de Tomeza.

Ten unha orientación Sur-Norte atravesando un val ancho e moi chan. O camiño portugués de Santiago discorre polo seu límite leste.

Os seus límites son os seguintes:

N: Limita ao Norte coa rúa Ramón Otero Pedraio do casco urbano de Pontevedra.

S: Limita ao Sur coa parroquia de Santa Comba de Bértola do concello de Vilaboa.

L: Limita ao leste coa parroquia de Tomeza.

O: Limita ao Oeste coa parroquia de Salcedo.

3. VALORES NATURAIS DO ESPAZO E O SEU POSIBLE RISCO

3.1. IDENTIFICACIÓN DOS VALORES QUE HAI QUE PROTEXER

O río Gafos, como zona húmida, constitúe un dos ecosistemas máis produtivos e de maior valor. A importancia ecolóxica das zonas húmidas, a súa fragilidade e os seus problemas de conservación fai que sexa prioritaria, non só a súa conservación, senón a súa recuperación.

As zonas húmidas, estean legalmente protexidas ou non, deben ser inventariadas e recoñecidas, debe evitarse a súa degradación e en ningún caso pode xustificarse o abandono ou o deterioro daquelas que non sexan declaradas como espazos naturais protexidos.

Para poder protexer estas áreas hai que ter en conta unha serie de actuacións:

1. Incrementar o coñecemento a todos os niveis acerca das zonas húmidas.
2. Concienciar a toda a sociedade sobre os seus valores e funcións.
3. Concederlles protección legal e reforzar os marcos legais relevantes.
4. Reforzar a capacidade das institucións, organizacións e entidades co fin de conseguir a súa conservación e o uso racional.
5. Garantir que sexan xestionadas de forma efectiva e integrada, en particular aquelas que resulten legalmente protexidas.
6. Reforzar a cooperación entre institucións, organismos e entidades, tanto gobernamentais coma non gobernamentais, incluíndo as entidades locais e o sector privado.

3.1.1. Flora

A Directiva 92/43/CEE (Hábitat) define os hábitats naturais de interese comunitario como:

- hábitats que se atopan ameazados de desaparición na súa área de distribución natural; ou ben
- presentan un área de distribución reducida a causa da súa regresión ou debido a súa área intrinsecamente restrinxida; ou ben
- constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou de varias rexións bioxeográficas seguintes: alpina, atlántica, continental, macaronésica e mediterránea.

Dentro destes hábitats podemos diferenciar os chamados **hábitats prioritarios** que segundo dita directiva defínense como: *hábitats naturais ameazados de desaparición e cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade habida conta da importancia da proporción da súa área de distribución natural. Estes tipos de hábitats naturais prioritarios sinalízanse cun asterisco (*)*

O Espazo Natural de Interese Local Río Gafos presenta unha comunidade vexetal que se caracteriza por ser **hábitat natural de interese comunitario** e clasificada como **hábitat prioritario**. Sería o seguinte:

9. Bosques

91. Bosques da Europa templada

91EO* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (**hábitat prioritario**)

Os bosques ribeiregos (*Carici lusitanicae-Alnetum*) e (*Senecio bayonnensis-Alnetum glutinosae*) son bosques de ribeira encharcados e sitúanse en bordes de arroyos e ríos, onde as raíces se atopan permanentemente encharcadas. Os solos sobre os que se sitúan son terras pardas eutróficas onde se acumulan os nutrientes por arrastre ou infiltración das augas ao baixar polas ladeiras.

Comprendería a zona coñecida popularmente como "brañas". Pola súa singularidade e estado de conservación merece unha mención especial o gran número de pés de *Laurus nobilis* (loureiro) espallados ao longo deste hábitat.

A catalogación actual do Río Gafos inclúe 180 especies de plantas vasculares (fentos e fanerógamas).

Dentro destas destaca *Narcissus cyclamineus*, planta endémica da Península Ibérica, considerada no Catálogo Galego de Especies Ameazadas como vulnerable e incluída no anexo II da Lei 42/2007, de 13 de decembro do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, onde figuran as especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.

Outras plantas de interese que se poden atopar son: *Festuca pratensis*, *Lychnis flos-cuculi*, *Carex paniculata* spp. *lusitanica*, *Fraxinus excelsior* e *Prunus padus*.

Consultar cartografía: Plano Nº2. Plano de vexetación.

3.1.2. Fauna vertebrada

3.1.2.1. Mamíferos

No Río Gafos están catalogadas 20 especies, entre elas a lontra (*Lutra lutra*), especie incluída na Lei 42/2007 nos anexos II (anteriormente descrito) e V (especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita).

3.1.2.2. Anfibios e Réptiles

No Río Gafos están catalogadas 11 especies de anfibios e 11 especies de réptiles. Entre todas estas hai que destacar cinco endemismos como son: *Chioglossa lusitanica*, *Lissotriton boscai*, *Discoglossus galganoi*, *Lacerta schreiberi* e *Podarcis bocagei*.

Na Lei 42/2007 do Patrimonio natural e da biodiversidade no seu Anexo II relaciónanse as especies de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar Zonas Especiais de Conservación (ZEC), como é o caso dos anfibios *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi* e o réptil *Lacerta schreiberi*.

Outras das especies presentes no espazo aparecen recollidas no Anexo V de dita Lei 42/2007 e requiren unha protección estrita, como é o caso de *Chioglossa lusitanica*, *Triturus marmoratus*, *Discoglossus galganoi*, *Bufo calamita*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Lacerta schreiberi* e *Coronella austriaca*.

Tres especies de anfibios: *Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea* e *Rana iberica* están clasificadas como Vulnerables no Catálogo galego de especies ameazadas.

3.1.2.3. Peixes

Catalogadas 6 especies, entre as que destaca a boa poboación de *Salmo trutta trutta*.

3.1.2.4. Aves

Catalogadas 92 especies, das cales 50 especies crían con regularidade no espazo. Destas 92 especies, sete: *Nycticorax nycticorax*, *Ardea purpurea*, *Milvus migrans*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Alcedo atthis* e *Sylvia undata*, están catalogadas na Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade no seu anexo IV, que recolle as especies de aves que serán obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución.

55 especies están incluídas no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial do Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español

de Especies Ameazadas.

3.1.3. Fauna invertebrada

No Río Gafos están catalogadas 53 especies de lepidópteros, 35 especies de coleópteros, 31 especies de himenópteros, 27 especies de hemípteros, 16 especies de ortópteros, 16 especies de odonatos, 14 especies de arácnidos e 57 especies de dípteros. Entre estas especies hai que destacar o odonato *Coenagrion mercuriale*, o lepidóptero *Euphydryas aurinia* e o coleóptero *Lucanus cervus*.

Estas tres especies están incluídas no Anexo II da Lei 42/2007. *Coenagrion mercuriale* e *Lucanus cervus* tamén están incluídos no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial do Real Decreto 139/2011.

3.2. OS POSIBLES RISCOS QUE POIDAN AFECTAR AOS SEUS VALORES NATURAIS

3.2.1. Usos recreativos excesivos

Desgraciadamente, o aumento do uso social dos espazos naturais a miúdo leva aparellado o mal uso que se fai dos mesmos, en forma de proliferación de lixos e desperdicios, degradación do medio, erosión dos camiños, rúidos, molestias tanto a fauna salvaxe como ás persoas que pasean, etc..

3.2.2. Introducción de especies animais e vexetais

A introdución de especies animais ou vexetais foráneas pode supoñer un desequilibrio nas poboacións autóctonas. A presenza de plantas cun carácter invasor acusado como *Acacia dealbata* (mimosa), *Acacia melanoxylon* (acacia negra), *Robinia pseudoacacia* (falsa acacia), *Cortaderia selloana* (herba da Pampa), *Tradescantia fluminensis*, *Tritonia x crocosmiflora* e *Eucaliptus globulus* (eucalipto), ou animais coma *Neovison vison* (visón americano) e *Procambarus clarkii* (cangrexo vermello americano), supón un cambio a curto prazo da composición floral e faunística do lugar afectado. É sobre todo preocupante a proliferación destas especies dentro dos límites do ENIL.

3.2.3. Verteduras e lixos

As verteduras incontroladas de aceites, residuos agrarios, entullos e lixos levan asociadas un gran deterioro natural, tanto do solo coma da vexetación e a fauna, así como

un evidente impacto visual negativo. Unha parte importante das verteduras líquidas proceden da rede de saneamento municipal consistente nunha tubería (que tamén recolle augas pluviais) e que vai paralela ao río. Esta conducción está saturada posto que recolle as augas de dúas zonas moi poboadas como son as parroquias de Tomeza e Salcedo, ademais das augas procedentes de Vilaboa e as que baixan do polígono industrial do Campiño saturándose en días de choivas provocando o seu desbordamento. Estas verteduras poden ser especialmente agresivas ao levar residuos de augas industriais.

Existe un proxecto para a súa substitución pero non hai data de comezo.

Un asentamento pegado ao río Tomeza, xusto pasando a desembocadura do río Pintos dirección Tomeza, tamén é problemático debido a grande cantidade de desperdicios que acumulan ao redor da súa vivenda e que moitos deles acaban nas beiras e no leito do río.

3.2.4. Presión urbanística

Sen chegar a estar o Espazo Natural cunha grande presión urbanística, ésta si podería existir nun futuro debido a súa localización, pois é unha paraxe moi preto do núcleo urbano. Esta presión urbana débese sobre todo ás vías de comunicación existentes: autoestrada, vía do ferrocarril e ás estradas que a delimitan.

4. DIRECTRICES PARA A XESTIÓN DO ESPAZO NATURAL

4.1. DIRECTRICES EN RELACIÓN COS RECURSOS NATURAIS

1. Os recursos naturais dentro do Espazo Natural serán xestionados coa intervención necesaria para manter non só a estrutura dos ecosistemas, senón tamén as súas funcións, os procesos naturais e a conectividade. A conservación activa orientarase a asegurar a evolución natural do medio e das especies asociadas.
2. Tratarase de conservar toda a biodiversidade existente no espazo, procurando que non desapareza ningunha especie e tratando de recuperar as especies nativas desaparecidas en tempos recentes. Considéranse especies nativas todas aquelas que habitan ou habitaron no espazo como resultado de procesos naturais, e pola contra son especies non nativas ou exóticas calquera que habite no espazo como resultado directo ou indirecto de accións humanas, sexan deliberadas ou accidentais.
3. Manterase a pureza da biodiversidade impedindo a introdución de especies exóticas invasoras, evitando a propagación e o crecemento das poboacións xa existentes e eliminando ou erradicando toda especie exótica invasora.
4. Se calquera especie animal ou vexetal aumentase en exceso a súa poboación poñendo en perigo o equilibrio ecolóxico da zona, deberán tomarse as medidas oportunas para o seu control garantindo a conservación das especies nativas.
5. A xestión do río procurará a mellora paulatina e progresiva da calidade das augas, tanto superficiais coma subterráneas, adoptándose as medidas necesarias para mellorar os sistemas de tratamento e depuración de lodos. Así mesmo, procurarase o control de verteduras industriais ou contaminantes eliminando, na medida do posible, aqueles puntos de verteduras incontroladas.
6. Considérase a paisaxe como un dos principais valores naturais do espazo, polo que se deberá preservar, conservar e rexenerar na medida do posible, modificando as estruturas que lle afecten negativamente, incorporando o criterio do mínimo impacto para todos os proxectos de actuación que poidan repercutir no seu estado e eliminar ou minimizar os impactos que sexan xerados polas obras, construcións, etc..
7. Deberase preservar a calma e os sons naturais asociados aos recursos físicos e biolóxicos (por exemplo, sons do vento, das aves, dos anfibios, etc.) suprimindo as fontes de sons artificiais ou, no seu caso, minimizando o seu efecto. Tamén se procurará minimizar a intrusión de luz artificial debido ao seu efecto negativo en certas poboacións animais.

4.2. DIRECTRICES EN RELACIÓN CO USO PÚBLICO

O ámbito da zona de declaración que figura na memoria está asociado a solos coa condición de solo rústico de protección de augas, contido no Plan Xeral de ordenación municipal de Pontevedra.

As directrices en materia de uso público marcadas para este Plan de Conservación, son as seguintes:

1. O sendeiro que percorre o Espazo Natural está realizado para un uso peonil polo que a utilización de bicicletas ou outros vehículos se deben limitar. As características do mesmo (dimensións, firme, etc) non soportan este uso e se provocan danos por erosión e eliminación de vexetación polas rodadas. Así mesmo poden producirse situacións de perigo para o resto de usuarios por ser un sendeiro demasiado estreito para compatibilizar os dous usos. Contemplanse, polo tanto, unha alternativa para poder percorrer a zona con estes medios de transporte.
2. A zona de servidume e a zona de policía do río terase en conta á hora de planificar calquera actuación no espazo, de acordo coa Lei de Augas e o RDPH.
3. Calquera actuación nas marxes, ribeiras e leito do río, así coma calquera tipo de vertedura, requirirá a autorización da administración hidráulica.
4. Regular a utilización das vías de penetración no Espazo Natural, mellorar as súas condicións xerais de uso e reducir na medida do posible os impactos que producen sobre o medio.
5. Facilitarase o goce do visitante baseado nos valores do espazo natural, de modo compatible coa súa conservación. Fomentaranse as actividades de paseo e contemplación e promoverase así mesmo o seu uso para grupos escolares e outros dedicados a actividades concienciadoras coa natureza.
6. Atenderase a todas as persoas visitantes ofrecendo oportunidades de gozar da natureza para as menos capacitadas, procurando, ata onde sexa posible, que teñan as mesmas oportunidades que as persoas non discapacitadas.
7. Compatibilizar o uso público do territorio do Espazo Natural coa conservación, preservación e mantemento dos valores do mesmo, tendo en conta os dereitos da propiedade e as actividades tradicionais das poboacións locais.
8. Potenciar a divulgación e facilitar información por tódolos medios dispoñibles (dixitais, cartelería, folletos, publicacións, etc) sobre os valores do Espazo Natural, as posibilidades de uso e lecer, a política de xestión, as súas normas de protección, os programas de acción e cantos aspectos se considere oportuno para unha mellor e máis completa consecución dos obxectivos perseguidos.

9. Implicar ao máximo as ONG e as entidades locais coa axuda dos organismos de xestión de zonas húmidas.
10. Promoveranse as accións de conservación, restauración e difusión de zonas húmidas, tanto públicas como privadas.

4.3. DIRECTRICES RESPETO ÁS INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS.

1. O Concello proporcionará a infraestrutura, instalacións e equipamentos necesarios para a protección dos seus valores, para o uso e lecer público e para a súa xestión. Todos eles serán harmoniosos cos recursos do espazo e compatibles cos procesos naturais, o máis accesible posible a todos os segmentos da poboación e cun custo razoable en canto á súa construción e operación.
2. Todas as instalacións e infraestruturas do espazo deberán adaptarse o máis posible ao medio, reducindo ao mínimo as afeccións paisaxísticas negativas e evitando competir entre o elemento artificial e os recursos naturais.
3. Adecuar, mellorar e manter as infraestruturas e a rede de instalacións de uso público do Espazo Natural.
4. Tenderase a eliminar aquelas estruturas artificiais, instalacións e construcións abandonadas. Cando non sexa posible a súa eliminación, estudaranse medidas para a súa integración no medio. Para iso terase en conta o acordo e a colaboración dos propietarios de ditos elementos privados.
5. As estradas do espazo, como elementos xa existentes deben facilitar a visita polo espazo. Calquera actuación futura sobre elas dará prioridade aos factores ambientais e á súa integración no seu contorno. Para evitar un posible exceso de tráfico nun futuro, a xestión das mesmas deberá enfocarse a limitar o tránsito e en ningún caso a ampliar a súa capacidade.
6. Os sendeiros ofrecerán unha aparencia o máis primitiva posible, evitando ao máximo a artificialidade procurando utilizar materiais do lugar.

4.4. DIRECTRICES PARA AS ACTIVIDADES CIENTÍFICAS

1. É imprescindible informar e divulgar os valores e riqueza das zonas húmidas co fin de incrementar o cambio de percepción sobre os ecosistemas acuáticos e para conseguir sensibilizar a sociedade sobre a necesidade da súa conservación.

2. O recoñecemento sobre as zonas húmidas debe ser impulsado, baixo un enfoque aplicado á resolución de problemas de conservación, co fin de ofrecer unha base sólida para a súa xestión e uso racional. Faise necesario realizar inventarios e estudos (por investigadores cun bo coñecemento do funcionamento das zonas húmidas e dos procesos que nelas interveñen) que permitan identificar o estado de conservación e as posibles ameazas sobre as zonas húmidas e as especies asociadas a elas (con especial atención aos invertebrados acuáticos, ás aves e os anfibios). Harmonizar a información dispoñible, e completar os ocos de coñecemento existentes sobre as zonas húmidas.
3. Diseñar alternativas de recuperación e desenvolver métodos de restauración de recursos alterados por causas antrópicas.
4. A Oficina de Medio Ambiente Natural do Concello de Pontevedra fomentará e facilitará a realización de traballos de investigación científica en relación coas especies animais e vexetais que habitan no espazo co fin que contribúa á protección, interpretación, desenvolvemento e xestión do espazo.
5. Debido ao propio dinamismo dos ecosistemas do espazo e as súas reaccións ás influencias humanas de todo tipo, faise necesario establecer programas de seguimento ambiental que permitan tanto a máis rápida detección dos cambios negativos sobrevidos como, na medida do posible, a predición anticipada de modificacións que requiran algún tipo de actuación.
6. Realizar convenios específicos con institucións científicas e centros de investigación para que desenvolvan programas de investigación aplicada que sirvan de apoio e asesoramento ás tarefas de xestión e conservación das zonas húmidas, e para facilitar a transferencia dos coñecementos e resultados da investigación á xestión destas zonas.

4.5. DIRECTRICES PARA AS ACTIVIDADES EDUCATIVAS

1. Traballar na educación e sensibilización ambiental en tódolos ámbitos, tanto na comunidade escolar, mediante o impulso de programas específicos de educación ambiental, como no resto da sociedade cun adecuado compoñente educativo inxerido en toda a información dispoñible relativa ao espazo.
2. Para conseguir o anterior promoverase a organización de actividades (conferencias, coloquios, visitas, audiovisuais, exposicións, etc) por parte das institucións, entidades locais e centros escolares.

3. Desenvolver e manter programas interpretativos dos distintos procesos naturais e dos seus elementos e, en xeral, de todo o que estea ligado ao Espazo Natural, mediante a aplicación de medios interpretativos, así como de profesionalizar e cualificar ao máximo grao posible as visitas guiadas.
4. Cómpre dar a coñecer e destacar os valores das zonas húmidas e as diversas funcións entre os responsables políticos e o público en xeral, de maneira que as políticas e as actividades que degraden estes espazos poderán substituírse por outras positivas como pode ser a compilación e análises da información sobre a ecoloxía, as funcións e os valores das zonas húmidas e a súa difusión.

5. APROVEITAMENTO DO SOLO E DOS RECURSOS NATURAIS E USOS TRADICIONAIS

No ámbito deste plan enténdese por aproveitamentos tradicionais aqueles realizados historicamente sobre os recursos naturais do Espazo Natural. Comprenden as prácticas ou actividades realizadas polas comunidades do contorno dirixidas á consecución de bens materiais e mantidas no transcurso histórico do tempo. O seu manexo permitirá lograr a compatibilidade coa protección dos valores do espazo, co uso público e, en todo caso, garantirá o uso sostible dos recursos afectados.

Neste Espazo Natural e na súa contorna existen as seguintes concesións administrativas de auga que se respectarán en todo momento:

- Comunidade de Usuarios Igrexa-Salcedo.
- Comunidade de Usuarios Veiga da Fonte.
- Victoriano Barcala Cortés.

6.ZONIFICACIÓN

Para compatibilizar a protección dos valores de Espazo Natural e o seu uso polo público, e co obxecto de minimizar os posibles impactos negativos, distribuiremos dito territorio en zonas.

A zonificación é a organización dun territorio en función do valor dos seus recursos e da súa capacidade de acollida para os distintos usos, co fin de minimizar os impactos negativos e de asegurar o uso do espazo compatible coa conservación dos seus recursos naturais.

Os posibles usos e aproveitamentos dos recursos naturais terán a consideración de zona de uso especial, zona de uso moderado e zona de protección en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a declaración de Espazo natural.

6.1. ZONA DE USO ESPECIAL

Terreos privados que conforman a maioría do espazo e son utilizados coma veigas, labradíos ou cultivos forestais.

Limitacións: o acceso público a toda a área está prohibido quedando limitado aos propietarios ou persoas autorizadas por estes.

Áreas: consultar cartografía para coñecer a superficie calificada con esta categoría.

6.2. ZONA DE USO MODERADO

Está constituída polas áreas dominadas por un ambiente natural, con capacidade para acoller un uso público máis intenso, compatibilizando a conservación dos recursos, o lecer ao ar libre e as actividades educativas.

A súa finalidade é integrar a conservación dos recursos, o uso público nas súas vertentes interpretativa, educativa e de lecer, e os aproveitamentos tradicionais, minimizando e controlando os impactos negativos que puideran producirse.

Limitacións: o acceso público a toda a área é libre. As únicas actuacións que se poderán levar a cabo serán aquelas vinculadas co uso público do espazo (sinalización, pasarelas, arranxo de elementos patrimoniais, etc). Estas actuacións deberán gardar o máximo respecto co medio, utilizando materiais e tipoloxías tradicionais, tendentes a

minimizar o impacto e a unha máxima integración na paisaxe.

A Oficina de Medio Ambiente Natural do Concello de Pontevedra poderá autorizar o resto das actividades ou aproveitamentos, en condicións adecuadas, tras asegurarse de que non causan dano á integridade do lugar.

O acceso con calquera tipo de vehículo motorizado ou non (bicicletas, quads, coches, tractores, etc) non está permitido de xeito xeral. En casos excepcionais poderán ser autorizados e regulados pola Oficina de Medio Ambiente Natural do Concello de Pontevedra.

Áreas: comprenderá a zona de servidume do río Tomeza (ou río Gafos) que comprende os 5 m de anchura dende a ribeira en ambas marxes do río, así como os camiños de dominio público de acceso ás fincas.

6.3. ZONA DE PROTECCIÓN

Considéranse zona de protección aquelas áreas cuxos obxectivos prioritarios son os de conservación do espazo natural, polo que hai unha afectación significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

Estas zonas están constituídas por aquelas áreas que requiren o maior grao posible de protección. A súa finalidade é garantir a máxima protección dos seus valores e posibilitar o seu estudo, evitando a influencia antrópica sobre eles.

Limitacións: queda prohibida calquera acción e intervención que poida supoñer unha transformación ou modificación do medio e supoña unha degradación dos ecosistemas. Permítese o acceso con fins científicos ou de xestión. Queda prohibido o acceso de vehículos e artefactos mecánicos, a construción de infraestruturas e instalacións, incluídas novas pistas e camiños, exceptuando traballos de mellora ou reparación das infraestruturas existentes, os sinais, marcos, e instrumentación científica debidamente autorizados. Tampouco se permite a recolección de material biolóxico non expresamente autorizado pola Oficina de Medio Ambiente Natural do Concello de Pontevedra. Estas áreas estarán cerradas ao uso público.

Nesta zona os usos e aproveitamentos tradicionais (silvícolas, pastos, esquilmos, leñas, brozas e outros) que son practicados historicamente pola poboación local ou que xogan un papel positivo nos procesos ecolóxicos, poderán manterse e continuarse, pero a súa intensidade e forma de realización exerceranse de xeito sostible conforme as directrices deste Plan de Conservación, considerando a conservación das especies e hábitats protexidos.

Para o exercicio da pesca terase en conta a lexislación vixente de cada ano.

Áreas: esta zona comprenderá a totalidade da canle do río xunto cos seus afluentes e as brañas.

Consultar cartografía: Plano Nº3. Plano de Zonificación

7. NORMATIVA DE USO

Enuméranse as limitacións e prohibicións de uso dentro da totalidade do ENIL.

As accións que alteren as condicións do Espazo Natural ou os produtos propios del terán a consideración de infracción.

Son de obrigado cumprimento e se entenderán incorporados ao presente plan os Informes da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 27 de xaneiro de 2012 e da entidade pública empresarial Augas de Galicia do 20 de febreiro de 2012 cuxo contido se extracta na parte expositiva da Orde do 25 de novembro de 2013 pola que se declara de xeito provisional como Espazo Natural de Interese Local o Río Gafos.

Atenderase á normativa ambiental vixente, ou que no futuro poida entrar en vigor, de obrigado cumprimento que atinxa a todos os aspectos contemplados neste plan.

O réxime para sancionar aquelas infraccións que poidan cometerse no Espazo Natural será, con carácter xeral, o establecido no Título III da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da natureza, sen prexuízo de todas aquelas normas vixentes que poidan resultar de aplicación a ditas infraccións ou ilícitos de calquera clase.

7.1. PROTECCIÓN DA FAUNA E DA FLORA

Non está permitido:

- A solta, semente, transplante, ou outro tipo de propagación de especies animais ou vexetais alóctonos.
- Con carácter xeral, queda prohibida a destrución ou deterioro significativo das formacións vexetais conformadas por especies silvestres que caracterizan os tipos de hábitats de interese comunitario.
- A perturbación, persecución, molestia, dano, captura, morte, recollida ou recolección das especies animais e vexetais silvestres especialmente as autóctonas e tanto dos exemplares ou fracción dos mesmos como dos seus propágulos, crías, ovos, restos ou residuos da súa actividade.
- A caza en todo o territorio do Espazo Natural. Actualmente, o ENIL ten a consideración de zona de seguridade (DOGA núm. 198, do xoves 08 de outubro de 2009, páx. 15.980. Resolución do 15 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Rural, pola que se aproba a declaración como zona de seguridade para os efectos cinexéticos dos terreos adxacentes ao río Tomeza no Concello de Pontevedra) polo que a caza non está

permitida.

- Utilizar megafonía, ruídos ou calquera aparato de reprodución de son que resulten molestos e poidan alterar a tranquilidade do lugar.
- Levar a cabo calquera actividade que destrúa, deteriore ou transforme os elementos naturais da zona.
- A entrada de animais domésticos de compañía soltos (salvo can guía), polo risco de provocar danos ou molestias á fauna ou deterioro de hábitats sensibles.
- A instalación de emisións luminosas que incidan negativamente sobre hábitats ou enclaves de especial interese para a fauna.
- O depósito ou vertedura de materiais vexetais, derivadas do mantemento de xardíns e parques sobre os hábitats naturais ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

Ademais,

- A Oficina de Medio Ambiente Natural do Concello de Pontevedra velará para que o uso de biocidas ou calquera substancia química, se realice no espazo de maneira racional e conforme coa normativa vixente, podendo limitar ou prohibir aqueles usos que supoñan a destrución ou a alteración significativa dos hábitats de interese comunitario.

7.2. PROTECCIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS

Segundo o texto refundido da Lei de augas:

- Prohíbese efectuar accións sobre medio físico ou biolóxico vinculado á auga que constitúan ou poidan constituír unha degradación da súa calidade físico-química.
- Non poden efectuarse verteduras directas ou indirectas que contaminen as augas e acumular residuos sólidos, lixo ou sustancias, calquera que sexa a súa natureza e o sitio onde se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas ou degradación do seu contorno.
- Prohíbese o lavado de vehículos e calquera tipo de obxecto en ríos, arroyos ou zona húmida, tirar obxectos nos anteditos espazos, así como a incorporación directa ás augas de deterxentes, xabóns, lixivias ou outros tipos de sustancias que poidan afectar de forma significativa ao estado ecolóxico dos ecosistemas acuáticos.

7.3. PROTECCIÓN DO SOLO E DA PAISAXE

Non está permitido:

- A alteración do relevo mediante escavación, soterramentos ou outras accións exceptuando as necesarias en caso de mellora ou reparación da infraestrutura de saneamento existente.
- A ocupación dos terreos do espazo para o aparcamento de vehículos, caravanas ou remolques, así como a instalación de casetas, tendas de campaña, cadeiras, mesas e calquera outro artefacto que sirva para a estancia ao ar libre.
- A realización por calquera procedemento de inscricións, sinais e debuxos en árbores, paneis informativos e en xeral en calquera tipo de bens mobles ou inmoables, salvo aqueles debidamente autorizados que sexan necesarios para mellorar e completar as redes de camiños e sendeiros.
- Instalar pancartas ou anuncios publicitarios sen autorización.
- A instalación de antenas, pantallas, artefactos que sobresaian ou outros que afectan a harmonía da paisaxe.

Ademais,

- Co fin de evitar a alteración da paisaxe e os riscos sobre a avifauna, os novos tendidos eléctricos e telefónicos que se instalen no Espazo Natural deberán ser subterráneos. Todo obra nova de transporte de enerxía eléctrica deberá incorporar no seu proxecto unidades de obra que faciliten a súa adecuación paisaxística.
- As liñas de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión que discorran polo interior do Espazo Natural deberán incorporar dispositivos que eviten a electrocución das aves.

7.4. USO PÚBLICO, ACTIVIDADES CIENTÍFICAS, EDUCATIVAS E OUTRAS ACTIVIDADES

Non está permitido:

- A circulación de vehículos fóra das estradas abertas ao tráfico.
- A circulación de bicicletas fora da ruta habilitada.
- Acceder as zonas sinalizadas como non accesibles ao público.
- Prender calquera tipo de lume, fogueira ou similar.

- O abandono, depósito ou deixar fóra dos lugares especialmente indicados e preparados para tal efecto papeis, botes, botellas, plásticos, cabichas ou desperdicios de calquera tipo.
- O deterioro ou a destrución da infraestrutura propia do espazo.
- O estudo ou a actividade profesional de fotografía, cine ou vídeo coa finalidade comercial sen a autorización da Oficina de Medio Ambiente Natural do Concello de Pontevedra.

Ademais,

- Os traballos de investigación que se realicen no interior do Espazo Natural deberán ser suficientemente xustificados e razoados, indicando como mínimo: a) a súa finalidade, técnicas ou métodos que se utilizarán, así como o equipamento que se teña que instalar que poida producir algunha afección sobre o medio, b) a zona e o tempo de actuación, c) persoal investigador e programas de traballo a desenvolver.
- Aquelas actividades destinadas ao uso público xestionadas por terceiros como poden ser concertos ao ar libre, prácticas deportivas masivas ou calquera outro tipo de acontecemento de forma masiva serán reguladas pola Oficina de Medio Ambiente Natural do Concello de Pontevedra, que asegurará o seu control e adecuación ao sistema de uso público do Espazo Natural.

8. LIÑAS PRINCIPAIS DE TRABALLO PARA O MANTEMENTO DO ESPAZO NATURAL

1. Eliminación das especies exóticas invasoras: a Oficina de Medio Ambiente Natural poderá desenvolver ou autorizar actuacións de control sobre aquelas poboacións de especies que ameacen o equilibrio dos ecosistemas. Ademais das especies arbóreas presentes en toda a superficie do Enil, debe prestarse especial atención, entre outras, á zona con presenza de Herba da Pampa (*Cortaderia seollana*) próxima ao Muíño de Cabanas e aos efectos da colonización do espazo pola *Tradescantia fluminensis*.

Consultar cartografía: Plano Nº4. Plano de actuacións.

2. Conservación do bosque de ribeira: facer unha avaliación do estado da vexetación de ribeira, detectar as zonas onde se atope degradada ou non exista vexetación. Determinar a orixe da inexistencia da vexetación e realizar actuacións dirixidas a súa conservación e mellora.

3. Estudar a vexetación autóctona e a súa disposición en relación co leito fluvial: revisión das marxes dos ríos, coa finalidade de garantir a servidume de policía estipulada na Lei de augas, con propostas para a eliminación dos obstáculos existentes.

4. Ter presente no momento dos traballos de mantemento (poda e rozadura) a fauna que existe no lugar así como a súa época de cría. Velarase polo mantemento daqueles elementos que sirvan de hábitat secundario, refuxio, cría ou alimentación de especies protexidas evitando así as rozas da totalidade da vexetación.

5. Para poder ter o Espazo Natural en condicións óptimas de conservación, necesitaríase unha brigada de mantemento durante todo o ano. Esta brigada debería estar formada por persoal con coñecemento na materia e tamén por persoal que saiba manexar as ferramentas apropiadas que se utilicen nos traballos de conservación.

6. Para mellorar a calidade visual e paisaxística do lugar os lindes das fincas co Espazo Natural deberán realizarse con sebes de especies autóctonas así como plantar pantallas vexetais que sirvan de barreira tanto visual como acústica nas zonas cos lindes cara á estrada e a vía do ferrocarril. Así mesmo, a ecoloxía da paisaxe constitúe hoxe unha poderosa ferramenta para a ordenación do territorio con criterios de sostibilidade ecolóxica e resulta de especial interese para deseñar áreas protexidas. Os exemplares illados de

eucalipto (*Eucalyptus globulus*) ao longo de todo o ENIL causan un impacto paisaxístico moi alto, polo que deberían ser eliminados todos os exemplares que se atopan en dominio público e deseñar plans de futuro para mellorar no posible a calidade paisaxística do espazo.

7. Realizar estudo dos diferentes compoñentes da fauna e flora do espazo para coñecer o seu estado real no ENIL e continuar cos xa feitos para poder avaliar a súa evolución no tempo, con especial incidencia naquelas especies que posúen algún grao de protección ou aquelas especies exóticas invasoras que poidan supoñer un perigo para a fauna e flora autóctonas.

8. Para a conservación dos anfibios e réptiles: recuperar a cuberta vexetal autóctona nas ribeiras, evitar a rozadura da vexetación arbustiva autóctona na súa totalidade e limitación do uso público nas ribeiras, así como mellorar ou crear lugares máis axeitados para a cría de anfibios, especialmente nas zonas con presenza de auga doce.

9. Para a conservación das aves: manter o estrato subarbóreo caducifolio cando se realicen prácticas silvícolas, manter pequenos rodais de vexetación autóctona dispersos e manter as hedras (*Hedera helix*) pola grande importancia na alimentación de diversas especies de aves migradoras.

10. Facer ou apoiar publicacións dos diferentes aspectos do espazo natural para axudar a informar e concienciar ao público dos valores existentes no espazo.

11. Sensibilización sobre un uso racional do espazo.

12. Trazar un sendeiro alternativo para facer o percorrido polo Enil en bicicleta.
Consultar cartografía. No plano N°4. Plano de actuacións indícase un posible trazado para este sendeiro alternativo.